

**Acta núm. 09/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 14 de maio de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 14 de maio de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2024, DO 30/04/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) CORRECCIÓN DE ERRO COMUNICACIÓN PREVIA.
- 5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO (SAF).
- 6º) ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CURSO COCIÑAS COLABORATIVAS 2024.
- 7º) ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2024.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2024, DO 30/04/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30.04.2024, acta núm. 08/2024.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL MONTERO VIEITES, na que comunica que vai facer obras nunha parcela de Bemil nº 7 – Bastavales. As obras segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Roberto García Rey en data 02.11.2023, consisten en:

- Reconstruír dúas edificacións auxiliares ancoradas ambas á fronte da vivenda, denominadas no proxecto como almacén 1 e almacén 2.
O “almacén 1” está semiderruído, ten unha superficie aproximada de 25 m². construídos e vaise destinar a porche sobre a entrada da antiga vivenda.
O “almacén 2”, que ten a cuberta derruída e unha superficie construída duns 18 m²., vaise a reconstruír e destinar a almacén de apeiros de labranza. Mantense a mesma superficie de ocupación. Superficie total construída: 43 m².
- Renovar as carpinterías exteriores da vivenda en aluminio lacado en cor branca, salvo a porta de entrada pola fachada oeste, a cal vaise manter.

A parcela (referencia catastral 7112901NH2471S0001DB) onde se pretenden executar as obras atopase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), e situase dentro da contorna de protección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, concretamente o “Cruceiro de Bemil”, identificado como XBC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 29.04.2024 (expediente 3310/23), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumprírase a condición recollida na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 29.04.2024 (expediente 3310/23).
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 356,11 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 420,68 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CARMEN PÉREZ LLAGUNO, na que comunica que vai limpar, reparar e pintar as fachadas da vivenda sita no Paseo de Pedrouzos nº 16 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6357807NH2465N0025PW) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

Total: 30,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA TERESA PÉREZ VÁZQUEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no lugar da Igrexa nº 3 – Boullón, poñendo tella cerámica curva sobre a cobertura actual da vivenda executada en fibrocemento.

A edificación (referencia catastral 3643702NH2434S0001OO) está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1). A vivenda está dentro da zona de afección de dous bens de interese cultural, por una banda a igrexa de Boullón, identificada no catálogo do PXOM coa clave: MBR-1, e por outra a proximidade da casa reitoral (clave: MBE-2), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 91,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 155,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Elena Ampudia Aixendri, que di actuar en representación de TERESA GÓMEZ NIETO, na que comunica que vai construír un peche de parcela na rúa Cancelos nº 16 b – Os Ánxeles, coas seguintes características:

- A parte do peche que está en contacto coa vía pública, situarase na aliñación recollida nos planos de ordenación a 5 m. do eixe do vial, e farase en bloques de formigón, tipo split, ata unha altura de 1,20 m. e reixa metálica por enriba ata unha altura total de 1,80 m. medidos dende a rasante da vía pública, deixando un portón de acceso de vehículos e un portón de acceso peonil.
- O linde norte, os primeiros 30 m. faranse con bloques de formigón, tipo split, ata unha altura de 1,20 m. e malla de arame galvanizado e plastificado en cor verde por enriba, ata unha altura total de 1,80 m., medidos dende a rasante natural do terreo.
- O resto do linde norte e o linde oeste, executaranse con malla de arame galvanizado e plastificado en cor verde, con tubos de aceiro galvanizado cada 3 m. e altura total do peche de 1,80 m. medidos dende a rasante natural do terreo.

As parcelas (referencias catastrais 7047416NH2474N0000IH e 7047417NH2474N0000JH) nas que se pretenden executar as obras están clasificadas como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2), e sitúanse dentro da zona de policía do río Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia do 01.04.2024 (clave DH.W15.98098) e do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche axustarase ao plano de emprazamento segundo proxecto básico modificado asinado pola arquitecta Elena Ampudia Aixendri en xaneiro de 2024 e documentación complementaria achegada en data 17.04.2024.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 139,47 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 204,04 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO SEAGE TOMÉ, na que comunica que vai reconstruír un peche de parcela existente, que afecta ao linde oeste da mesma no lugar de Gundín nº 27- Os Ánxeles. A reconstrución do peche consiste en retirar o muro existente dunha lonxitude aproximada de 26 ml., que se atopa en mal estado de conservación e levantar un novo muro medianil de similares características, con base de formigón ata unha altura de 20 cms. sobre a rasante natural do terreo, postes intercalados e arameira por enriba ata unha altura total de 1.80 metros. O muro de formigón quedará pintado en tons claros.

A parcela (referencia catastral 5342504NH2454S0001KJ), na que se pretende executar a obra aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse un mínimo de 4 metros do eixo do camiño, e terá unha altura máxima de 1,80 metros medidos desde a rasante da parcela propia.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 54,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 118,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO VELEZ SILVA, na que comunica que vai construír un peche de parcela en Lamiño 68 – Brión, coas seguintes características:

- No linde leste, parte con muro de formigón de altura inferior a 1,50 m. e malla metálica ríxida electrosoldada por enriba ata unha altura máxima total de 1,80 m. con respecto a rasante natural do terreo da parcela lindeira.

- Nos lindes norte e oeste, con malla metálica ríxida electrosoldada de 1,80 metros de altura.

- No linde sur, en contacto coa vía pública con lamas de madeira de iroko, colocadas sobre estrutura soporte de aluminio de 1,80 metros de altura.

A parcela (referencia catastral 66639A6NH2466N0001KQ) onde se pretende executar a obra está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 131,57 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 196,14 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN LÓPEZ BERDULLAS, na que comunica que vai arranxar a cuberta da vivenda sita na Avda. de Noia nº 1 - Os Ánxeles, substituíndo tella a vella por tella nova.

A parcela (referencia catastral 4148803NH2474N0001QJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 111,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 176,05 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA RODRÍGUEZ FAILDE, na que comunica que vai realizar obras de limpeza de canalóns e pintado das fachadas na vivenda sita no lugar de Brans de Abaixo nº 32 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6470104NH2476S0001PD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cor empregada nas fachadas deberá ser preferentemente en tons claros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 114,80 euros.

Total: 114,80 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PEDRO JAVIER GOYANES GARCÍA, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda sita no lugar de Chave de Ponte nº 44 – Bastavales.

A edificación (referencia catastral 8712208NH2481S0000SM), emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condición:

- A cor empregada nas fachadas deberá ser preferentemente en tons claros.
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

Total: 90,00 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PILAR RIVAS MOSQUERA, na que comunica que vai realizar obras de reparación nunha vivenda sita en Soigrexo nº 18 – Os Ánxeles, consistentes en:

- Substituír a tella cerámica curva e pranchas de fibrocemento existentes na cobertura por outras das mesmas características, sen modificar a estrutura, nin incrementar o volume da mesma.
- Obras de reforma no interior da vivenda, que afectan á cociña da mesma, consistentes en substituír o alicatado e pintar os paramentos interiores.

A parcela (referencia catastral 6743601NH2464S0001RZ) situase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e atópase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM (Cruceiro de Soigrex/clave identificativa: AC-8), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 70,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 134,57 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA MARÍA NIETO REY, na que comunica que vai reconstruír parte dun peche (9 ml.), con fronte a vía pública na Avda. Vicente Ramos nº 5 – Os Ánxeles. A parte do peche a reconstruír executarase igual que o existente, con base maciza de fábrica, revestida, pintada e postes intercalados, rematado con arameira por enriba.

A parcela (referencia catastral 7649415NH2474N0001IJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte opaca non poderá superar a altura de 1,20 metros e a altura total do peche non pode superar 1,80 metros, mantendo o aliñamento do peche existente
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 149,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 214,37 euros.

l) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ GARCÍA, na que comunica que vai reparar a cuberta dun alpendre emprazado na parte traseira da parcela sita na Avda. de Santa Minia nº 5 - Brión, poñendo tella cerámica curva sobre as pranchas de fibrocemento existentes.

A parcela (referencia catastral 6259910NH2466S0001FO), onde se pretenden executar as obras emprazase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e atópase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM (Antigo cine Mahía/clave: BE 10), e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,57 euros

m) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por JOSÉ MANUEL PÉREZ FERNÁNDEZ, na que comunica que vai facer obras de mantemento nun hórreo de dous claros, sito na aldea de Vidaloiro - Bastavales, segundo a documentación técnica asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Roberto Giménez Hortas.

A parcela (referencia catastral 8817503NH2481N0001BH) onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, parte dentro da delimitación para áreas consolidadas pola edificación (zona na que se empraza a vivenda), e parte na zona non consolidada pola edificación (zona na que se empraza o hórreo), séndolle neste caso de aplicación a ordenanza NRL-2, e sitúase dentro da aldea de Vidaloiro que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: XBE5 (Aldea de Vidaloiro).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 03.05.2024 (expediente 1775/23), e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 03.05.2024 (expediente 1775/23).
- O prazo para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 291,66 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

- Total: 356,23 euros

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA INMACULADA COLLAZO PÉREZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Soigrex 44 – Bastavales.

Con data 24.11.2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza de obra a María Inmaculada Collazo Pérez e Ramón Agrafojo Figueira para construír unha vivenda unifamiliar en Soigrex 44, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.07.2020 e documentación complementaria visada o 10.11.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez con data 18.07.2023, visado polo Colexio oficial correspondente con data 09.04.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

CUARTO.- CORRECCIÓN DE ERRO COMUNICACIÓN PREVIA.

a) Detectouse un erro na autorización de obras concedida pola Xunta de Goberno Local do 16.04.2024 a PEBEGASA, S.C., para facer obras de reforma interior dunha nave de leite vacún existente na aldea de Pousada, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez en data 26.03.2024.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 13.05.2024, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

A actuación sobre **o silo** existente de 208 m²., consistirá en eliminar o recheo que conforma a rampla do silo, co conseguinte aumento de capacidade do mesmo, tal e como se describe na documentación gráfica presentada.

Debe dicir:

A actuación sobre **a fosa de purín** existente de 208 m²., consistirá en eliminar o recheo que conforma a rampla do silo, co conseguinte aumento de capacidade do mesmo, tal e como se describe na documentación gráfica presentada.

QUINTO.- APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO (SAF).

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.05.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 10.05.2024, que transcrita di:

Dada conta do expediente tramitado para a contratación do servizo: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, cun orzamento base de licitación de: 1.158.420,00 €, IVE incluído, licitado por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con varios criterios de valoración, mediante a publicación de anuncio no perfil de contratante do Concello, que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 13.03.2024, publicado no DOUE en data 13.03.2024, téndose presentado 3 empresas. (Expediente BR20240002).

Antecedentes:

1. Resultando que con data 15.04.2024, a Mesa de Contratación acordou:

1º) Admitir ás empresas SON A TUA AXUDA e ATTENDE CARE S.L.

2º) Requirir á empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L. para que no prazo de tres días hábiles a contar desde o seguinte ao do envío do requirimento electrónico presente de forma electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público onde se atopa o perfil de contratante do Concello a seguinte documentación: Compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para elo segundo modelo da cláusula 18.3.I. do PCAP.

2. Resultando que con data 18.04.2024, a Mesa de Contratación acordou:

1º) Admitir á empresa AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L.

A continuación procedeuse á apertura dos arquivos ou sobres electrónicos B: Proxecto técnico de organización do servizo das tres empresas admitidas, acordando a Mesa de Contratación por unanimidade:

1º) Dar traslado da documentación dos sobres B ao Comité de Expertos designado para que proceda ao seu exame e avaliación consonte co disposto nos pregos.

2º) Logo de determinada a puntuación de cada proposición no sobre B, realizarase o acto público de apertura dos sobres C dos licitadores, anunciándose previamente o día e hora de realización da apertura, no perfil de contratante do concello.

3. Resultando que con data 25.04.2024, a Mesa de Contratación acordou:

Consonte co informe de avaliación do Comité de Expertos, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións ás empresas presentadas correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor.

1. SON A TUA AXUDA S.L. Puntos: 44,00.
2. AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L. Puntos: 37,00.
3. ATTENDE CARE S.L. Puntos:57,00.

2º) Publicar na Perfil de Contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público o informe de avaliación dos criterios de adxudicación contificables mediante xuízo de valor de cada unha das ofertas asinado polo Comité de Expertos, e facer público que o acto público de apertura do ofertas económicas realizarase no Casa do Concello o próximo día 29 de abril de 2024, ás 9,00, tal e como estaba previamente publicado no perfil de contratante.

4. Resultando que con data 29.04.2024, a Mesa de Contratación acordou:

Téndose anunciado a realización deste acto público mediante anuncio publicado no Perfil de Contratante do Concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público con datas 13.03.2024 e 25.04.2024, procedeuse a dar conta das puntuacións outorgadas polos sobres electrónicos B e a apertura dos sobres electrónicos C: ofertas económicas.

En primeiro lugar deuse contas das puntuacións outorgadas pola Mesa de Contratación, consonte co informe de avaliación do Comité de Expertos, ás empresas presentadas

correspondentes ao arquivo electrónico B: criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, que son as seguintes:

1. SON A TUA AXUDA S.L. Puntos: 44,00.
2. AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L. Puntos: 37,00.
3. ATTENDE CARE S.L. Puntos: 57,00.

A continuación procedeuse á apertura dos sobres electrónicos C: ofertas económicas, sendo as ofertas das empresas as seguintes:

1. SON A TUA AXUDA S.L.: 21,35 euros, prezo base da hora sen IVE.
2. AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L.: 21,50 euros, prezo base da hora sen IVE.
3. ATTENDE CARE S.L.: 20,86 euros, prezo base da hora sen IVE.

Realizada a avaliación da oferta consonte cos pregos, segundo o programa de avaliación de ofertas económicas en contratos e concursos da Deputación, lles corresponden as seguintes puntuacións.

1. SON A TUA AXUDA S.L.: 1,31 puntos.
2. AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L.: 0,00 puntos.
3. ATTENDE CARE S.L.: 5,56 puntos.

A puntuación total obtida polas empresas pola suma dos criterios de adxudicación dos arquivos electrónicos B e C, é a seguinte:

Empresas	Arquivo B-xuízo de valor	Arquivo C-automático	Total
ATTENDE CARE S.L.	57,00.	5,56	62,56
SON A TUA AXUDA S.L	44,00.	1,31	45,31
AL ALBA ESE GRANADA ALMERÍA S.L	37,00.	0,00	37,00

En consecuencia, logo de comprobar os datos da empresa que obtivo a maior puntuación, que figuran no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda:

1º) Proponer a adxudicación do contrato á empresa ATTENDE CARE S.L, polo prezo de: 20,86 euros, prezo base da hora sen IVE, e consonte co proxecto técnico de organización do servizo presentado, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

2º) Requirir á empresa ATTENDE CARE S.L. para que presente, dentro do prazo de DEZ (10) días hábiles, a contar desde o seguinte ao do envío do requirimento, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación establecida na cláusula 18, apartados 1), 3): letras E),G),H),I) do prego de cláusulas administrativas, e a constitución da garantía definitiva polo 5% do presuposto de adxudicación do contrato, excluído o IVE, durante os dous anos de duración do contrato, polo importe de: 10.763,76 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; o documento orixinal da garantía deberá presentarse para o seu depósito na tesourería municipal.

5. Resultando que con data 06.05.2024, a Mesa de Contratación acordou:

A Mesa de Contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicado o devandito servizo.

Á vista da documentación presentada a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º) Trasladar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do servizo de: SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE BRIÓN, á empresa ATTENDE CARE S.L, con NIF: B-70091749, polo prazo de dous anos, e polo prezo de: 20,86 euros, prezo base da hora sen IVE, e consonte co proxecto técnico de organización do servizo presentado, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos.

Considerando que neste Concello o órgano competente para a adxudicación deste contrato é a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Adxudicar á empresa ATTENDE CARE S.L, con NIF: B-70091749, a execución do contrato de servizos de: Servizo de axuda no fogar do Concello de Brión, por un prazo de dous anos (24 meses), coas prestacións ofertadas polo adxudicatario no proxecto técnico de organización do servizo, por considerar que presentou a mellor oferta en aplicación dos criterios de adxudicación dos pregos, e polo prezo de: 20,86 euros/hora, sen IVE, tanto para dependencia como para libre concorrancia, sendo o prezo de adxudicación igual a:

- Libre concorrancia: 20,86 euros/hora, máis o IVE do 10%, igual a: 2,09 euros, o que fai un total de: 22,95 euros/hora, IVE incluído, por 3.600 horas (dous anos): 82.620,00 euros, IVE incluído.

- Dependencia: 20,86 euros/hora, máis o IVE do 4%, igual a: 0,83 euros, o que fai un total de: 21,69 euros/hora, IVE incluído, por 48.000,00 horas (dous anos): 1.041.120,00 euros, IVE incluído.

O prezo de adxudicación de: 1.123.740,00 euros, IVE incluído, supón unha baixa respecto do orzamento base de licitación de: 1.158.420,00 euros, igual á cantidade de: 34.680,00 euros, IVE incluído.

De conformidade co sinalado na cláusula 2 do prego de cláusulas administrativas dado que o número de horas son unha estimación, pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ao número de horas estimadas. Neste caso, o contratista só terá dereito a percibir o custe das horas efectivamente realizadas.

2º) Aprobar o gasto desta anualidade con cargo a aplicación: 231.22714 do orzamento vixente (prorrogado de 2023), adoptando o compromiso de consignar no orzamentos de 2025 e 2026, os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados deste expediente de contratación.

3º) Nomear responsable do contrato á traballadora social María Victoria Varela Rodríguez que exercerá as funcións sinaladas na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

4º) Notificar este acordo aos licitadores e publicar no perfil de contratante a adxudicación.

5º) Notificar este acordo ao adxudicatario para a formalización do contrato, que consonte co disposto na cláusula 19 do PCAP non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, e logo da súa

formalización facela pública mediante anuncio no perfil de contratante ao abeiro do disposto no art. 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

SEXTO.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CURSO COCIÑAS COLABORATIVAS 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.05.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión de data 10.05.2024, que transcrita di:

ASUNTO.- FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA A CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2024: COCIÑAS COLABORATIVAS DO ESPAZO COWORKING DE MONTE BALADO.

Dende o Servizo de Formación e Emprego, mediante proposición formulada polo técnico responsable, remítese a esta Alcaldía proposta para realizar os cursos para a utilización das cociñas colaborativas do Centro de Coworking do Monte Balado: Transformando Brión.

Tal e como se pon de manifesto no informe da Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local, esta actividade ten como obxectivo fomentar a formación para favorecer o uso destas cociñas por parte da veciñanza do Concello de Brión e concellos limítrofes e a difusión de actividades.

Tendo en conta que a ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prevé a posibilidade no artigo 4 de fixación de outros prezos para actividades, cursos, campamentos,... organizadas polo Concello, esta Alcaldía propón que a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de competencias efectuada polo Pleno da corporación en sesión celebrada o 29 de xuño de 2023 e de acordo co determinado pola ordenanza fiscal nº 20, proceda á fixación do prezo público para levar a cabo os cursos para o uso das cociñas colaborativas do Centro de Coworking do Monte Balado: Transformando Brión tomando como referencia os seguintes datos:

- Prezo público alumnado por cada curso..... 50,00 €

Faise constar, que se ben de acordo co establecido no artigo 44 do TRLRFL, o importe dos prezos públicos deben de cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada, sen embargo valorando razóns de interese público que concorren no caso concreto, esta Alcaldía propón que pola Xunta de Goberno Local se proceda a fixación dos prezos pola realización de cursos de utilización das cociñas colaborativas por debaixo do custe previsible das actividades programadas.

Por todo o anterior, esta Alcaldía presenta á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1º) Prezo público alumnado por cada curso..... 50,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

SÉTIMO.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES DE CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2024.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.05.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión de data 10.05.2024, que transcrita di:

ASUNTO.- FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO POLA ASISITENCIA A CURSOS REALIZADOS POLO CONCELLO DE BRIÓN PARA O ANO 2024.

Dende o Servizo de Formación e Emprego, mediante proposición formulada polo técnico responsable, remítese a esta Alcaldía proposta para realizar cursos que se consideran de interese para a inserción laboral dos veciños deste concello:

- Curso de Manipulador de alimentos teleformación 10 horas.
- Curso de Monitor de comedor escolar teleformación 35 horas.
- Curso de Transporte escolar teleformación 25 horas.

Tal e como se pon de manifesto no informe da Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local, esta actividade ten como obxectivo fomentar a formación para favorecer a inserción laboral dos veciños deste concello.

Tendo en conta que a ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prevé a posibilidade no artigo 4 de fixación de outros prezos para actividades, cursos, campamentos,... organizadas polo Concello, esta Alcaldía propón que a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación de competencias efectuada polo Pleno da corporación en sesión celebrada o 29 de xuño de 2023 e de acordo co determinado pola ordenanza fiscal nº 20, proceda á fixación do prezo público para levar a cabo os cursos para mellorar a inserción laboral da veciñanza de Brión tomando como referencia os seguintes datos:

- Cota única por participante e pola realización dos 3 cursos 100,00 €

Faise constar, que se ben de acordo co establecido no artigo 44 do TRLRFL, o importe dos prezos públicos deben de cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade realizada, sen embargo valorando razóns de interese público que concorren no caso concreto, esta Alcaldía propón que pola Xunta de Goberno Local se proceda a fixación dos prezos pola realización dos tres cursos por debaixo do custe previsible das actividades programadas.

Por todo o anterior, esta Alcaldía presenta á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

1º) Prezo público por participante e pola realización dos 3 cursos 100,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía ditaminada nos seus propios termos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González